



## **AXUDAS PARA O ACCESO DAS MULLERES A COTITULARIDADE DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS**

**Obxeto:** Promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares e titulares de explotacións agrarias de Galicia, especialmente das mulleres, coa finalidade de promover a creación do emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

### **Beneficiarias e requisitos:**

1. Mulleres incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, a partir do 1 de outubro de 2009 e ata o 16 de xullo ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, sempre que reúnan os seguintes requisitos:
  - a. Ter corenta e un e ata corenta e cinco anos de idade na data da dita incorporación.
  - b. Que sexan cónxuxes ou parentes da persoa titular da mesma explotación agraria, sempre que esta se atope dada de alta nos citados réximes e sistemas especiais.
2. Mulleres de corenta e cinco ou menos anos de idade na data de alta na Seguridade Social, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social a partir do 1 de outubro de 2009 e ata o 16 de xullo de 2010, ao réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, titulares de explotacións agrarias nos seguintes supostos:
  - a. Que accedan á titularidade dunha explotación agraria en funcionamento que lles fose atribuída tras un proceso de separación ou divorcio.
  - b. Que accedan á titularidade dunha explotación agraria tras o falecemento, xubilación ou incapacidade recoñecida do seu cónxuxe, descendentes ou ascendentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive.
  - c. Mulleres que se incorporen a unha explotación familiar en marcha, cando o seu cónxuxe cause baixa no réxime especial agrario da Seguridade Social, ou no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, por dedicarse a outra actividade e mentres este permaneza en situación de alta noutro réxime ou sistema da Seguridade Social.

**Axudas:** 3.000 € por persoa beneficiaria.

**Prazo:** ata o 16 de xullo de 2010.

### **Máis información:**

- \_ DOGA nº 112 do martes 15 de xuño de 2010
- \_ CIM de Soutomaior

**En Arcade a 17 de xuño de 2010  
A Traballadora Social do CIM**